



## ORDENACIÓN DE ATRAQUES NO PORTO DE MUROS

Esta ordenación de atraques realízase en aras dun mellor aproveitamento dos espazos portuarios que, sen dúbida, redundará nunha mellor organización e explotación portuaria, o que beneficia a todos.

As presentes normas son de obrigado cumprimento por parte de tódolos usuarios do porto de Muros e o incumprimento das mesmas dará lugar á apertura dos correspondentes expedientes sancionadores. Estas normas entrarán en vigor a partir do día 1 de xullo de 2018

**Soamente estará permitida a descarga de peixe nas zonas habilitadas para tal fin e indicadas no plano de ordenación que se xunta.**

Con carácter xeneral, os buques das flotas indicadas no plano para cada peirao terán preferencia na utilización dese peirao. Os buques dunha flota só poderán utilizar os peiraos asignados a outra flota con carácter excepcional e cumpríndose as condicións indicadas nos apartados seguintes.

### **DESCARGA DE MEXILLÓN**

A descarga de mexillón poderá realizarse exclusivamente nos peiraos E1, A4, B1 e B2

### **FLOTA DE BAIXURA**

Os peiraos asignados a estas flotas son os seguintes:

1º.- Peirao E1

2º.- Peiraos A3 e A4

3º.- Peiraos B1 e B2

### **FLOTA DE ARRASTRE**

Os peiraos asignados a esta flota son os seguintes

1º.- Peiraoa A1, A2, A3 e A4

2ª.- Peirao B3, previa autorización do celador-gardapeiraos do porto.



3ª.- Peirao C1. Este atraque só poderá ser empregado polos arrasteiros cando non haxa sitio libre nos peiraos A1, A2, A3, A4 e B3, e sempre dando prioridade ás embarcacións que se acheguen ó subministro de combustible.

### **SALVAMENTO MARÍTIMO**

Peiraos B3 e F1

### **BUQUES ESCOLA**

Peirao B3, previa autorización do celador-gardapeiraos do porto.

### **PEIRAOS PARA SUBMINISTROS**

*Combustible:*

Peirao C1

Peirao D1

*Xeo:*

Peirao A1

### **OBSERVACIÓNS RESPECTO A RAMPLAS, PANTALÁNS E VARADOIRO**

- Las ramplas e as augas situadas entre eles, deberán permanecer libres de atraques e depósitos de materiais.
- Non se poderán depositar aparellos ou calquera outro tipo de material nos pantaláns, salvo que sexa para limpeza ou pequenas reparacións, estando presente en todo momento o propietario do aparello.

